

CONTO DUNHA MEIGA

NOME DO DOCUMENTO: MPG_IgBa_0013_001_en_0_00_05_id728_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_IgBa_0013_001_en_0_00_05_id728.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro directo dun evento. Conto
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 e ficha de transcripción
DURACIÓN: 0:01:39

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** sen información
- **LOCALIZACIÓN:**

Lugar/ aldea/ barrio:
 Parroquia:
 Concello: Mesía
 Provincia: A Coruña
 País: Galicia
- **INFORMANTE**

Nome: Descoñecemos o nome. Veciña de Mesía
- **RECOLLEDOR/A:** Belinda Lameiro Sánchez
- **COMPILADORA:** Baldomero Iglesias Dobarrio
- **COLECCIÓN:** Baldomero Iglesias (Mero)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**

Título xenérico: Contos de meigallos
Tipo: Contos de maxia ou marabillosos
Subtipo: Outros contos do sobrenatural
Referencia: 746*D Noia



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

Baldomero Iglesias, “Mero”, é ben coñecido polo seu traballo no campo da música tradicional galega, pero o seu labor de pescuda e salvagarda abrangueu ademais outros aspectos da nosa tradición oral como é o caso da narrativa. Durante a súa extensa etapa como docente promoveu entre o seu alumnado, como actividade didáctica, a recollida a familiares e persoas maiores de contos, lendas, historias de vida, cantigas, e todo tipo de manifestacións da oralidade. Todo este material foi incorporado á súa colección persoal - da que o APOI é depositario - o que permitiu a súa conservación e posta en valor. Todo un exemplo da importancia de fomentar o diálogo interxeracional, que permite a transmisión de coñecementos entre a xente maior e a xente nova e a preservación da herdanza cultural.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi realizada polo persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

- NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.
 NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratrea.
 NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

PALABRAS CHAVE

conto, narración, meiga, bruxa, maxia, encantamento

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Estes son os contos das meighas.

Bueno vouvos contar uns contos de..., un conto ou dous - non sei, a ver, como me saian - de meighas e trasnos, que me contaran a min os meus avós e os meus pais e tal, cando iba á escola como vós.

Resulta que unha ves iban uns mozos - que antes non eran como agora, non se iba a discoteca, iban (?) ás mozas e íbase a pé -. E eran uns mozos que iban ás mozas e p' atallare iban polos prados e por ahí e resulta que tiñan que cruzar o río e o río encheu - era un mes de inverno, iba moi cheo - e era malo de pasar así. E estaban os tres na beira do río "A ver, como pasamos, a ver como pasamos, para non nos mollare e tal".

E neste aparece unha burra pola beira do río arriba, pacendo toda tranquila, e dixo:

- Oi! Mirade, veí! Se hai unha burra... E se pasamos na burra?

E outro:

- Si, ho, e despois veñen mirar e non a encontran e tal.

- Pero pasamos nela p'aló e despois mandámola para este lado do río e xa está.

Dixo:

- Bueno pois, daquela ben. Puñemos os tres xuntos xa pra non facer tanta viaxe e pasamos os tres dunha vez.

Puñéronse os tres no medio na burra *muy puestitos*, e empezaron a cruzar o río, e cando taban no medio e medio do río, onde máis augha había, vai a burra e pum! Desapareceu! Desapareceu a burra, caeron os tres no río, e molláronse todos.

E que era? Resulta que era unha meigha, non era unha burra; era unha meigha que se transformaba en burra porque as meighas transfórmanse nos animais que queren. Bueno iso dicían, que eu non sei, non vin ningunha, pero dicían así. E transformárase na burra e despois desapareceu e pumba, esfumouse.